


Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº85/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de maio/ Estado primaveral

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com




Para cando un **Día do Libro de Ons?** Páx. 1



Festa dos Maios en Ons
Aínda que non era un costume arraigado, celebráronse Maios na Illa. Páx. 1



VIII Carreira Pedreste en Ons.
Todo un éxito. Páx. 2



Salgadoiro de Suxestións
Importante idea a de musealizar o Faro e a creación dunha biblioteca nel. Páx. 3



Preocupación polo futuro de Tambo
Parabéns para a Asociación Irmandade de Tambo polas súas actividades. Páx. 3



Eventos Gastronómicos en Ons
Un xeito de desestacionalizar o Parque Nacional. Páx. 4



Actividades do Parque Nacional
Interesante a realización de caderniños ou libros sobre elas. Páx.3


Arranxo da porta da igrexa de Curro
Arranxar a porta, ben; pero non esquecerse da Capela de Canexol e do Cataventos da igrexa de Curro. Páx. 4



Ons Arqueolóxica
Necesidade de mellora dos camiños para visualización. Páx. 5



AREA DOS CANS SEN BANDEIRA AZUL
Praia a onde acoden diariamente os rapaces do Campamento. Non estaría mellor con socorristas? Páx. 6



CAMPAÑA DE INVESTIGACIÓN SUBMARINA EN ONS
40 anos tiveron que pasar para saber algo dela. Aínda que foron momentos bos. Páx. 5

Para cando un día das Letras de Ons

O día 23 de abril celebramos, un ano máis, o Día do Libro. Outra oportunidade perdida, como penso que pasará co Día das Letras Galegas, para conmemorar o *Día do Libro de Ons* ou *das Letras de Ons*.

Esta idea véñoa reivindicando dende hai anos, os tres últimos neste minixornal, para que o Concello de Bueu ou o Parque Nacional homenaxe e a todos aqueles que dedicaron a Ons, as súas investigacións, estudos, curiosidades, proxectos,..., e a súa pegada literaria.

Coido que Ons, pola suma de todas as súas peculiaridades, é a única do Parque Nacional que tivo e ten publicacións de todo tipo e sería moi interesante o dalas a coñecer, pois axudará a expandir e propagar a súa riquísima cultura, incentivará a novos investigadores e escritores,..., e, sobre todo, servirá para protexer o seu importante Patrimonio Cultural.

De novo fago un chamamento ao Concello de Bueu e aos responsables do Parque para que busquen un día, que pode ser o do Libro, para conmemorar as Letras de Ons, con mostras de libros, traballos, proxectos, fotografías, ..., con charlas divulgativas, exposicións fotográficas,..., e proxeccións de vídeos, documentais,...

Unha idea con baixo custo que se pode levar a cabo no Centro de Interpretación de Vigo e na etapa estival, no Centro de Visitantes de Ons, constituíndo unha Actividade máis a desenvolver e que atraería a un turismo diferenciado, que debería ser o obxectivo do Parque Nacional.

Aquí queda a idea de novo, non creo que a Concellería de Cultura de Bueu teña problemas de competencias para desenvolvelo e Parques, podería facelo extensible ás demais illas que o compoñen.


Por un Día do Libro ou Letras de Ons!!!



abril 2020 - abril 2021
Números: 0 ao 27

Emilio Araújo

ONS
ONDAS DO MAR RISO



***Rapaces de Ons cantando os Maios en Marín.
Foto: Julio Santos Pena.***

DÍA DOS MAIOS EN ONS

1/05/2024

Polas miñas pescudas, teño que dicir que en Ons non se celebraban os Maios, tal e como os coñecemos en diferentes puntos da xeografía galega, construíndo un armazón de madeira e forrándoo con diferentes vexetais: flores, xestas, follas, froitas,..., e onde os rapaces cantan coplas ao seu redor, batendo uns paus.

Si había, como en toda Galicia, o costume de poñer os Maios, unha flor de xesta, nas portas das casas, dos piornos, dos cortellos,..., e nas embarcacións, en Ons, na proa das dornas. Segundo dicían para celebrar a chegada da primavera, pero tamén, enxalzar á natureza e sobre todo, para espantar os meigallos.

Pero, aínda que non había esa tradición, si sabemos que a principios dos anos 70 s.XX, o mestre Julio Santos Pena que exercía en Ons, seguro pola tradición no seu pobo natal, Marín, si preparou un Maio cos rapaces da escola, compuxeron unha copla e, non sen pasar grandes apuros, puideron desprazarse ata Marín e participar no Concurso de Maios que todos os anos se celebra nesa vila.

E tamén, a Asociación Cultural PineirÓns, durante máis de 10 anos, preparaba un Maio e as súas correspondentes coplas e eran cantadas o 1º de maio en Ons.

Para máis información:

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/09/011_09_AsoCiacionPineirons.pdf

Julio Santos Pena. "Ons no meu corazón". Artes Gráficas Dibay, S.L. 2018



Membros de PineirÓns, cantando os Maios no 2011, nun dos bares da Illa.

**MAIOS EN ARRA (Sanxenxo) (1/05/2024)**

Interesante iniciativa da Asociación de Veciños de Arra. A asociación ofreceu aos veciños as estruturas e despois estes tiñan que reenchelas. Máis de 25 Maios enchían as portas das casas e restaurantes desta parroquia. Resultou un enorme éxito que repetirán en anos sucesivos. Parabéns.



AlvaritÓns agasallounos con esta fermosa foto dun Arco da Vella sobre as augas e o peirao de Ons, sacada o 26 de abril.

VIII CARRERA PEDRESTE EN ONS. 2024

Celebrouse o domingo 28 de abril, organizado polo Club Corredoiras de Bueu. Ao igual que o ano pasado, en categoría masculina volveu gañar, por terceiro ano consecutivo, Álvaro Prieto que ostenta o récord da proba. En categoría feminina gañou Carla Trillo.

A proba foi todo un éxito con 275 inscritos. Paralelamente celebrouse a andaina con case 100 inscricións.

Foto: Varu Camawei. No centro o gañador da proba Álvaro Trillo.



Algúns veciños non quixeron perderse a oportunidade de pasar pola alfombra vermella da meta. Na Carreira tamén participou o garda forestal, Julio.

Fotos: Varu Camawei



Manoliño

Carrillo



Julio entrando en meta

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (27/04/2024)

Con respecto á revista AUNIOS e aos artigos con relación ao Proxecto sobre o Faro de Ons e Etnografía. Un lector comenta: “Estimado Tino: Muchas gracias por el envío de Onstopus y de la revista Aunios. Te felicito por tu artículo sobre la Santa Compañía. Es muy importante lo que cuentas pues en la actualidad ya no es fácil encontrar personas mayores que recuerden los tiempos en los que las creencias de la cultura tradicional gallega aún pervivían. También me ha gustado mucho el artículo sobre los faros. Me parece una buena idea el proyecto que tenéis sobre el futuro del faro de la isla de Ons, para crear en él un centro de estudios para investigadores, y dotarlo con una biblioteca centralizada en la historia de la navegación y de los naufragios. Vuestra iniciativa en este tema merece el apoyo de todos. Creo que somos muchos los que soñamos con el día en el que en la isla de Ons exista también un centro de investigación dedicado a la historia marítima de Galicia, tan ignorada todavía en las escuelas y en el mundo académico de esta tierra. Un saludo”.

Prezado lector, moitas grazas polas súas letras, que vindo dunha persoa como vostede, inmerso no mundo cultural galego, animan a seguir traballando a prol desta tarefa informativa e didáctica sobre a Illa de Ons e a defender o *Faro de Ons* como **Proxecto Cultural de Futuro**.



Proxectos culturais para un futuro Faro de Ons.

DESCUBRINDO AS AVES DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

Poñente: Diego Rodríguez Vieites
Biólogo, Ornitolóxico e Máster en Restauración de Ecosistemas

Parte teórica: 1 de xuño de 2024
De 10:00-13:00 horas na Sede do Parque Nacional
Rúa Oliva, nº 3 - 36201 Vigo

Parte práctica: 8 ou 15 de xuño de 2024
De 10:00-18:00 horas nas Illas Cies

Información e inscrición en
<https://ilasatlanticas.gal/gl/asiste-un-dos-nosos-cursos>
Tfno.: 886 218 090

XUNTA DE GALICIA

ACTIVIDADES NO PARQUE NACIONAL

Interesante actividade do Parque que, penso, debería ampliarse á época estival aos Centros de Visitantes das illas, buscando así un turismo máis comprometido co medio ambiente.

Importante que as actividades que desenvolven no Centro de Vigo ao longo do ano, poidan trasladarse logo aos Centros das respectivas illas e, anunciándoas con tempo, os futuros visitantes estivais vaian programando a súa viaxe. Tamén deberían recollese os relatorios e fotos das prácticas para plasmalas nunha publicación posterior para as bibliotecas dos Centros das Illas.

ACTIVIDADES NA ILLA DE TAMBO

Por iniciativa da Asociación Irmandade da Illa de Tambo, celebrarán nesta Illa o Día das Letras Galegas.

Estas actividades demostran a aposta das Asociacións Culturais polo coñecemento da súa bisbarra, concello, parroquia, ..., e illas.

Teñen unha boa sintonía cos concellos, que os axudan en todo o que necesitan e, sempre que as tarefas a realizar sexan beneficiosas para o conxunto do Concello, os Grupos de Goberno as apoian, teñan os colectivos, ou non, a súa sede postal nese municipio.

O importante é que o labor a desenvolver sexa beneficioso para o concello onde se desempeñan.

As Letras galegas na Illa de Tambo 11 de Maio do 2024



Unha viaxe a Illa de Tambo, donde a través da lingua galega, faremos un percorrido pola súa historia, lendas e mitos, incluíndo como novidades os achadegos máis recentes, algúns deles públicos e outros aínda descoñecidos, froito da investigación da Irmandade.

Ademais, durante o roteiro, contaremos con lectura de poemas e música galega en directo, en especial ca presenza do cantautor Xosé Constenla.

Queremos contar ca túa participación colaborando si queres na lectura dos teus propios poemas en galego, ou dos/as autores/as que elixas.

DÍA 11 DE MAIO DE 2024
SAÍDA: 17:00 HORAS.
REGRESO: 20:30 HORAS.
LUGAR: PORTO DEPORTIVO DE COMBARRO. Peirao da Canteira.

Podes inscribirte remitindo nome e apelidos e nº dni o seguinte correo IrmandadeIllaDeTambo@gmail.com. O prazo remata o día 7 de Maio. Aforo limitado a 100 prazas.

O prezo da viaxe é de 10 euros adulto, e 5 euros entre 5 e 12 anos, que se abonaría na taquilla do Catamarán Pelegrín ou retirar os billetes.



Actividades e fotos, Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia.



Foto: AlvaritÓns



DEGUSTACIONES GASTRONÓMICAS EN ONS

Seguen, neste mes de maio, estas boas ideas que animan a visitar Ons fóra da época estival e desestacionalizar o Parque Nacional. Coido que os organizadores deberían dialogar co propio Parque para que estes eventos gastronómicos se aproveiten para coñecer as características aunienses, e estea aberto o Centro de Visitantes e se organicen paseos de documentais, excursións específicas pola Illa, visita ao Castro dos Mouros,...

ONS NA MEMORIA

Aquí temos, nos anos 80, o último piorno de madeira que quedaba en Ons. Atopábase no barrio de Pereiró pertencente á familia coñecida como <A do Cambados>.

Xa comentamos neste minixornal, que a súa desaparición debeuse a unha desidia da administración, a quen llo solicitamos en moitas ocasións cando o deterioro era manifesto, que se puxeran en contacto cos donos e, por medio das subvencións que existían daquela para estas construcións etnográficas, pasar á súa reparación. Fixeron oídos xordos. Hoxe desapareceu. Unha perda importante para a *Etnografía Auniense*.



Igrexa e Capela da Illa de Ons

Reparación da porta da Igrexa

Hai uns días comunicáronme que se ía a reparar a porta da igrexa de Curro e querían saber se tiña algunha foto de como era orixinalmente. Busquei entre os meus arquivos e atopei unha do ano 1973 ou 74.


Tendo en conta que sobre o ano 1968 remataron as obras do Centro Cívico e esta foto é de 1973 é de supoñer que esa era a porta orixinal, de madeira.

Tamén enviei outra dos anos 80, que é moi parecida á actual, quizais sexa a mesma. Á vez, aproveitando eses arranxos, facer eco dunha suxestión que me pasou un veciño, pedíndome que

publicara unha idea que me parece interesante, pois, aproveitando as obras de cambio da porta, tamén poden arranxar, ou poñer un novo, *CATAVENTO* (*veleta*) enriba do campanario pois, o existente, leva moitísimos anos sinalando só, a dirección da casa de Cesáreo.

E, de novo, fago un chamamento á asociación veciñal para que miren en que estado se atopa o interior da Capela de Canexol e, de estar mal, solicitar unha axuda para a súa reparación.


Ao seu carón están soterrados os seus antepasados.



Exterior e interior da capela de Canexol despois de ser reparada polos veciños a principios dos anos 90 s:XX

La campaña de investigación de Las Islas Ons

Rosina Acuña Castroviejo (bióloga). Ago. 84. Centro de Investigaciones Subacuáticas



Es por todo esto por lo que se hizo el proyecto de estudio de los fondos marinos de las islas Ons. Llevado a cabo durante el mes de agosto por el mismo equipo de trabajo anterior. Se puede asegurar que el éxito ha sido rotundo en todos los aspectos e incluso mayor que en el de las islas Cies, en el sentido de que se va en contacto con una buena experiencia.

Este archipiélago está formado por dos islas, la mayor de Ons y al sur de esta la de Onza; situadas en la boca de la ría de Pontevedra, presentan la misma orientación que las Cies y siendo de su misma composición (granito gencisco con dos micas) son sin embargo topográficamente diferentes presentando un relieve más suave y acantilados menos abruptos permitiendo así la formación de un suelo que fue y es explotado, lo que conlleva a que esta isla comience a ser habitada por algunas familias que viven de la pesca y de la agricultura.

Los fondos submarinos siguen la misma topografía externa, no existen así esas grandes paredes verticales que nos encontramos en Cies, aumentando la profundidad de una forma paulatina. Digno de mención son también las numerosas grietas y cuevas originadas por la erosión que existen en todo el perímetro insular.

El equipo de trabajo lo formaron 10 personas: 3 biólogos, 3 estudiantes de biología y 4 escafandistas deportivos, estableciéndose desde el primer día una división de trabajo entre todos. Hay que decir también que nos encontramos en todo momento con el apoyo de los marinos y pescadores deportivos de las islas.

La campaña duró 20 días, durante los cuales se realizaron 10 transectos lineales perpendiculares a la costa, en todo el

perímetro insular, en cada transecto se efectuaban 10 muestras a lo largo de un cabo de 100 metros colocado con antelación. Los muestreos se realizaban por las mañanas, sumergiéndose 7 escafandistas tanto biólogos como deportivos, demostrando estos últimos gran interés y habilidad en el trabajo que se les había encomendado. La duración de las inmersiones era, aproximadamente de una hora y con las muestras y datos recogidos se procedía a un primer estudio en tierra, donde además eran separados los distintos grupos bentónicos: algas, crustáceos, anélidos, moluscos, entozoa, poríferos y ascidias que serán estudiados por los respectivos especialistas. Esta labor se efectuaba durante las tardes y dada la buena programación y buen funcionamiento del equipo, el trabajo era llevaco a día o incluso quedaba tiempo libre que se aprovechaba para realizar excursiones terrestres y poder observar la flora y fauna que habita estas islas como por ejemplo las colonias de Cormoranes existentes en la zona de acantilados etc.

También hemos efectuado inmersiones que podemos denominar de placer ya que era posible observar más tranquilamente los organismos sin la impaciencia de tener que realizar el trabajo de cada uno con el temor de que se nos acabase con que nos encontramos, y no poder finalizar el muestreo.

En cuanto a la diversidad de organismos bentónicos nos encontramos una menor riqueza que en las Cies. Sigue habiendo sin embargo los característicos bosques de algas pardas que pueden alcanzar 2 metros o más de altura perteneciendo a los géneros Laminaria y Saccorhiza y que dan un bello paisaje que llama la atención a cualquier buceador. Abundantes eran también las algas

CAMPAÑA DE INVESTIGACIÓN SUBMARINA NAS ILLAS DE ONS NO 1984

Parece que foi onte e xa pasaron 40 anos daquela. Recordo a Rosina Castroviejo e a Carlos Durán Neira (do Centro de Investigacións Subacuáticas e das F.E.G.A.S respectivamente) e a o grupo de mergulladores deportivos do Club Náutico de Vigo que os acompañaron e axudaron nesta investigación en Ons.


Sen ánimo de xactancia, naqueles anos comezaba eu coa miña teima, de dar a coñecer, sobre todo por artigos de prensa, as singularidades desta illa, despois de comprobar que Ons estaba sen investigar en ningunha das súas características. Esta cisma provocaba que todo aquel/a persoa que fose a Ons con ánimo de estudiala, acudira a min para solicitar apoio para entroncar cos veciños, pedir datos, solicitar material, ... e estes investigadores así o fixeron.

Foi case un mes, magnífico, onde, á vez que ti lles axudabas eles tamén che correspondían coas súas ensinanzas. Eu, á vez de facilitarlles o achegamento aos mariñeiros, tamén lles presentei a Ramiro Pazos (Cholo) que, como bo mecánico, poñía a punto o motor da vella embarcación que trouxeran. Levámolos na procura dos restos do submarino <General Mola>, á busca doutros pecios e a recuperar unha áncora antiga que un barco de pesca, despois de agarrala no seu aparello, a depositara preto da praia de Melide. Tamén, entre Cholo máis eu, participamos na elaboración dun pequeno dossier sobre a Pesca Deportiva en Ons para axuntar ao seu traballo. E, entre outras máis cousas, faciliteilles toda a bibliografía que coñecía, ata ese momento, para engadir tamén ao traballo final.

Antes da súa partida, quedei con Carlos Durán que, cando tiveran o traballo preparado, e despois de entregado a quen correspondese, pasarían unha copia para a miña biblioteca específica sobre este arquipélago.

E quen mo ía a dicir, despois de 40 anos e comunicándome con el en varias ocasións sen atopar resposta positiva, ían ser os etnógrafos Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolívar, quen me pasaron este pequeno traballo sobre aquelas investigación que realizou a súa curmán Rosina co equipo de mergulladores.

Como di o refrán: "Nunca é tarde cando a dita é boa". Aínda que aquí non se cumpriu outro refrán que di: "É de bo nacido ser agradecido". Pois ben, na revista "Náutico", de decembro de 1984, publicada polo Real Club Náutico de Vigo, saíu publicado un pequeno artigo que fai referencia a esa investigación.



Fotos:

Arriba: primeira folla do artigo de Rosina Castroviejo na revista Náutico.

Abaixo: Áncora antiga recuperada da zona de Melide no 1984.

ONS ARQUEOLÓXICA (6/05/2024)

Temos que agradecer ao Director do Parque o entusiasmo que está poñendo para que o Castro dos Mouros e todo o que agocha no seu interior, estea sendo investigado dun xeito técnico e científico pola Uvigo dirixido polo arqueólogo Adolfo Fernández.

A finais deste pasado mes de abril e, segundo parece, durante todo o mes de maio, o equipo de arqueólogos/as estarán traballando nel e, en palabras de Pepín (D. Parque), está xa dando os seus froitos que, a día de hoxe, aínda non poder facer públicos.

Aproveito para dar dúas suxestións. Unha xa a facía pública no anterior Onstopus, que era a sinalización no camiño que vai de Curro a Pereiró, á altura do lavadoiro de Canexol, onde comeza o camiño de subida cara ao Castro, debería estar anunciada por medio dun sinal, que por aí comeza a subida. Ese camiño, chegado o mes de xuño, ou quizais neste de maio, debería estar en perfecto estado de limpeza da matogueira.

A segunda é solicitarlle ao Director do Parque, co asesoramento dos arqueólogos, que, chegado ao pé do Castro e para poder visitalo, hai unha pequena subida un pouco empinada. Coido, para evitar escorregar, sobre todo ao baixar, que se fixeran sobre a terra uns pequenos chanzos para que tanto a subida como a baixada sexan máis doadas. Repito, feito coas recomendacións técnicas dos arqueólogos.

Para saber máis: https://www.eldiario.es/galicia/isla-gallega-tenia-purpura-tunicas-cesares-ons-eje-comercio-maritimo-roma-imperial_1_11337829.html

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2024/04/27/isla-surtio-salazon-roma/0003_202404E27P52992.htm



Un dos últimos achados realizados neste mes de maio nas escavacións do Castro dos Mouros. Pronto teremos máis información.

Fotografía cedida polo Parque Nacional.



AREA DOS CANS, UN ANO MÁIS SEN QUE O CONCELLO DE BUEU A PROPOÑA PARA BANDEIRA AZUL

Pois si, o Grupo de Goberno, agora tamén cun membro do PSOE, néganse a presentar a candidatura dunha praia da Illa de Ons para o distintivo de Bandeira Azul. Comprobamos que non só Xuventude exclúe a Ons para Campos de Voluntariado nos meses de xullo e agosto, como si o fai en Cíes; senón que tamén o Concello de Bueu esquecese de Ons para este distintivo, que si teñen as Illas Cíes nunha das súas praias. E dígoo, ollo, non dende o punto de vista turístico, senón para reforzar a “**Marca Bueu**”. Agás que Ons non pertenza a Bueu!!!

Así o valoraban o Alcalde e a Concelleira de Turismo no Faro de Vigo: “*Cada una de estas bandéras la recibimos como un homenaje a lo que es Bueu y sus gentes porque son referentes de nuestros recursos y del cuidado que ponemos en reivindicar el medio ambiente y nuestra historia*”. Ons non debe ter veciños, nin historia!!!

Aínda que, tamén temos que engadir, que a Oposición: <Nin arre nin xo>, Ons só, para paseos o día da Festa de San Xaquín e nalgún evento onde haxa cámaras.

Para saber máis:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/07/Onstopus-07.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/29/onstopus-29.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/44/onstopus-44.pdf>



PEIXES RAROS NA RÍA DE VIGO

Seguen aparecendo peixes con formas e cores estrañas na ría de Vigo.

Non sei se os mariñeiros e a Confraría o poñen en coñecemento das autoridades e da Consellería de Pesca, pois considero que sería importante para o seu estudo.


A este, o noso correspondente Alvaritóns máis eu, bautizámolo como: <Rape mandarina>. *Lophius madarinus*.

Foto: Alvaritóns



MATERIAL DE OBRA

Pasáronme esta foto con abundante material de obra. Preguntamos: Comezarán as obras prometidas agora que comeza a chegar o turismo? Estaremos atentos.



NECESIDADE DUN PROFUNDO ESTUDO SOBRE A DORNA DE ONS

Non sei se este ano sairán as subvencións do Parque Nacional á Área de Influencia deste. De saír, coido que sería interesante que, por parte da **Dirección Xeral de Patrimonio Natural e o Parque Nacional**, propuxeran un *Proxecto de Estudo* sobre “A Dorna en Ons”.



Con motivo da presentación en Vigo e Bueu do documental “*A última dorna de Ons*”, tiven a ocasión de contactar con varias persoas vinculadas ao mundo cultural galego.

Con elas tratamos a importancia da temática etnográfica de Ons, e todos estábamos de acordo sobre a falla de estudos e investigacións sobre esta materia nun núcleo tan illado e interesante como era esta illa.

Como o documental ía sobre a Dorna e, máis concretamente, tocando a cuestión das diferentes artes para a pesca do polbo (actividade pesqueira que influíu moito no desenvolvemento económico da comunidade auniense), un dos temas que comentamos foi a urxente necesidade de facer un estudo-investigación sobre a **DORNA na Illa de Ons**, na súa configuración máis ampla, dende a súa chegada ata o seu declive, pasando por aspectos tan interesantes como: **O nome das súas partes** (por se na Illa tivera algún diferente), as súas **marcas identificativas** (que acompañaban á matrícula), distintas **artes pesqueiras** para as que se utilizou, o seu **manexo a remo e vela**, a súa posta a punto na propia illa, **carpinteiros de ribeira** que as facían e as reparaban, a figura do carpinteiro auniense **Cachote**, lugares **onde faenaban e como convivían** nas longas singraduras nela, ... **Aspectos etno-antropolóxicos** relacionados sobre a dorna en Ons: **Contos, supersticións, lendas, bruxería**,... Aspectos sociais: **Aportación no intre do casamento** da dorna ao novo matrimonio, **casas familiares con máis dunha dorna** e a súa contribución á economía de toda a familia, os **nenos nos seus comezos como mariñeiros**,..., **O papel da muller auniense na pesca** dende dorna,.... E un longo etc.



A **idea sería** que Parques estudara a posibilidade de propoñer, para a súa realización, a presentación deste Proxecto e estudar as posibles propostas que se presenten, escollendo a que coiden mellor para ser susceptible de subvención, segundo os obxectivos propostos.

Á vez, de ser o caso e coidamos que pode ser factible, preguntar ás distintas **Asociacións de Embarcacións Tradicionais**, sobre todo de Bueu pola súa relación con Ons, para ver se os seus

asociados coñecen a algunha persoa que poda realizar ese cometido dun xeito científico e cun importante traballo de Campo cos aunienses e na propia illa.

A temática etnográfica da Illa de Ons, agora chamada **Patrimonio Inmaterial e Material**, está falto de investigación e axudas. Á vez, todos sabemos que está a piques de desaparecer, polo que o seu estudo, se non se fai agora, en nada quedará esquecido e perdido para sempre, por iso, coidamos, que será doado de ser aceptado e subvencionado por organismo oficiais.

NOTA:

Esta idea xurdiu da charla con persoas relacionadas coa Cultura Galega. Coidei que podería ser un Proxecto fantástico, ilusionante e subvencionable pola **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** e polo **Parque Nacional**, e púxenme en contacto coas persoas que considereí adecuadas. Teño que recoñecer que recibín un apoio interesante e déronme nomes de persoas que poderían levalo a cabo, dándose a coincidencia que, todas elas, eran veciños/as da Área de Influencia e polo tanto, non terían problema en solicitar esas Axudas.

De todas elas, houbo unha que, pola persoa que me informou, coido que pode ser un punto de partida moi interesante. O informante é unha persoa vinculada á Illa de Ons, por diferentes motivos, e recibe este minixornal puntualmente, por iso, recibirá este e poderá informar e incentivar a esa persoa para, se saen, informarlle e axudarlle a solicitala.

Se o ten a ben, espero que a **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** acceda a apoialo polo ben da Cultura da Illa de Ons.